

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, APROBACIÓN DEFINITIVA

Aos efectos de cumprimentar o disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local se publica íntegro o texto do “REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” unha vez aprobado definitivamente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2021.

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Artigo 1.- Fundamentos

Para elevar o nivel de participación no feito deportivo e a actividade física dos/as cidadáns é necesario o uso ordenado e regulado das instalacións existentes. Neste sentido, a optimización do rendemento das instalacións deportivas, debe ser o soporte fundamental do servizo público que ten que establecerse para ó desenvolvemento consecuente do deporte no Concello de Sanxenxo.

O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas titularidade do Concello de Sanxenxo e dítase ao amparo das competencias que nesta materia atribúense aos concellos na Lei de Bases de Réxime Local, facendo constar que, de conformidade co disposto no artigo 3º f) dos Estatutos do Organismo Autónomo “Terra de Sanxenxo”, este Organismo Autónomo terá como obxecto a explotación das instalacións deportivas do concello.

Para alcanzar estes obxectivos non abonda a norma, é preciso apelar ao espírito cívico que debe presidir o uso das instalacións e os valores de tolerancia e respecto, imprescindibles para o desenvolvemento da práctica deportiva, en definitiva, para gozar da oferta pública do deporte e ocio en convivencia cos demais usuarios/as.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación á totalidade das instalacións deportivas municipais, agás á piscina e a todos/as os/as usuarios/as definidos/as no artigo 7.



Artigo 3.- Definición de Instalación Deportiva

3.1 Enténdese por instalación deportiva, aos efectos deste regulamento, toda instalación, campo, dependencia ou espazo deportivo, de calquera característica, tanto ao aire libre como cuberto, pechada ou aberta, dedicada á práctica do deporte e a actividade física, en toda a súa gama de modalidades, posibilidades ou finalidades, incluíndo as zonas de equipamento complementarias ou funcionais como bancadas, vestiarios, almacéns, etc. no caso que existan e que sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade deportiva.

3.2 As instalacións deportivas definidas anteriormente, de titularidade municipal ou sobre as que o Concello de Sanxenxo teña a dispoñibilidade, mediante cesión de uso ou calquera outro título singular, terá a consideración de instalación deportiva municipal.

3.3 Calquera instalación deportiva que se constrúa ou a súa xestión sexa asumida polo concello nun futuro, quedará adscrita ao presente Regulamento.

Artigo 4.- Informacions nas Instalacións

En cada unha das instalacións deportivas debe figurar, con carácter preceptivo e nun lugar visible un cartel coa seguinte información:

- a) Normas de uso da instalación
- b) Nome do responsable da instalación
- c) Horario de apertura e peche da instalación
- d) Texto vixente regulador dos prezos públicos do uso das instalacións deportivas municipais
- e) Plan de auto protección da instalación deportiva municipal
- f) Copia do presente regulamento en formato papel.
- g) Instancia modelo para a reserva da instalación deportiva, xunto coa ligazón correspondente para descargar de Internet.

Artigo 5.- Plan de Auto Protección das Instalacións Deportivas Municipais

Elaborarase un plan de protección e evacuación de emerxencias para as instalacións deportivas municipais conforme as disposicións legais vixentes, as recollidas no manual de auto protección para o desenvolvemento do plan de emerxencia contra incendios e de evacuación nos locais, edificios e toda aquela normativa que sexa de aplicación.

Artigo 6.- Seguros de Responsabilidade Civil nas Instalacións Deportivas Municipais

Dispoñerase para responder os danos e prexuízos que se lle puidesen causar ós/ás usuarios/as e persoas que asistan as instalacións deportivas como consecuencia dos feitos das propias instalacións, dun seguro de responsabilidade civil, para todo accidente que sexa ocasionado por un defecto da propia instalación.



TÍTULO PRIMEIRO
REGULACIÓN XERAL DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
CAPÍTULO I. USO DAS INSTALACIÓNS

Artigo 7.- Definición de usuario/a

7.1 A efectos do presente Regulamento, enténdese po usuarios/a das instalacións deportivas municipais, toda persoa/s ou entidades que utilicen estas instalacións.

7.2 Os/as acompañantes e espectadores/as terán a consideración de usuarios/as pasivos/as, aplicándose estas normas ata onde poida chegar a súa responsabilidade durante a súa estancia na instalación correspondente.

7.3 Só os/as usuario/as poderán facer uso das instalacións deportivas municipais e dos servizos adscritos ás mesmas.

Artigo 8.- Destino das instalación deportivas

8.1 Nos termos previstos no presente Regulamento, as instalacións deportivas municipais teñen como fin a práctica física e deportiva, xa sexa de ocio e tempo libre, ensinanza, adestramento, competición ou exhibición das modalidades para as que foron deseñadas ou daquelas outras que poidan ter un uso compatible das mesmas, previa autorización expresa.

8.2 As instalacións deportivas municipais poderán acoller actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais, previa autorización municipal expresa, que se concederá sempre que non afecte ao funcionamento ordinario das actividades deportivas que se celebran na instalación solicitada con autorización xa concedida do Concello, o que se acreditará con informe previo ao respecto do Técnico de Deportes. En caso de coincidencia de solicitudes para unha mesma instalación e na mesma data, atenderase a antigüidade da data de rexistro de entrada das solicitudes no Concello de Sanxenxo.

Artigo 9.- Acceso as instalación deportivas

9.1 As instalacións deportivas municipais, independentemente da forma de xestión, son de acceso libre para todos/as cidadáns, sen outras limitacións que as establecidas na Lei ou neste Regulamento, as propias do uso ao que están destinadas e ó pago das taxas en vigor para a actividade que se trate.

9.2 O acceso ás instalacións deportivas municipais, ben de forma individual, ben de forma colectiva, supón a aceptación das normas contidas no presente Regulamento.

9.3 Para o acceso ás instalacións deportivas, deberá aboarse previamente o prezo público ou taxa que, no seu caso, corresponda según a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

9.4 As diferentes taxas serán marcadas cada ano na Ordenanza Fiscal de aplicación. Estas taxas fan referencia tanto ao acceso ás Instalacións, como á ocupación privativa dun campo ou espazo deportivo, cando haxa lugar.

9.5 A cesión do uso das instalacións deportivas municipais, non inclúe a subministración e utilización de material deportivo non inventariable, polo que este deberá ser aportado polos/as propios/as usuarios/as e axustarse, en todas as súas características, as condicións regulamentarias establecidas para a modalidade deportiva da que se trate.

Artigo 10.- Normas xerais de reserva das Instalacións Deportivas Municipais por parte dos clubs e entidades deportivas

A reserva das instalacións deportivas municipais por parte dos clubs e entidades deportivas seguirá o seguinte procedemento:

10.1 Tramitación:

Os clubs, asociacións ou entidades que desexen usar de maneira regular algunha instalación deportiva, xa sexa para adestramentos ou para competicións oficiais, deberán presentar a correspondente instancia según o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, de forma telemática, na sede electrónica do Concello de Sanxenxo.

Esta presentación deberá de facerse cun prazo de antelación de 15 días hábiles, como mínimo, antes do inicio de cada competición ou da tempada de adestramento.

A solicitude presentada deberá contar, polo menos, co seguinte contido:

- a) Nome e apelidos do interesado/a e, no seu caso, da persoa que o/a represente.
- b) Identificación do medio electrónico a efectos de notificacións.
- c) Nome da instalación que reserva.
- d) Lugar, data e duración da mesma.
- e) Firma electrónica do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade, expresada por calquera medio.
- f) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe.

A autorización deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Identificación acreditativa dos clubs, asociacións ou entidades que solicitan a autorización.
- Instancia modelo para a reserva das citadas instalacións, xunto coa ligazón correspondente para a poder descargar de Internet.
- No caso das competicións oficiais, deberán achegar o calendario oficial da competición, debidamente expedido e selado pola entidade que corresponda, coa finalidade de programar os horarios e as datas dos encontros, durante os sábados e os domingos, con respecto aos dereitos dos/as demais usuarios/as.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

- No caso dos adestramentos, deberán achegar o calendario cos adestramentos da tempada.
- Memoria das actividades a realizar o máis detallada posible.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de 14 días hábiles desde a data de rexistro de entrada, facendo constar que, de non notificarse a resolución expresa no citado prazo, entenderase denegada.

Non obstante o anterior, en circunstancias extraordinarias e debidamente acreditadas, por razóns de urxencia que impidisen a tramitación anterior, poderá realizarse unha autorización cunha diminución dos prazos, unha antelación mínima de 3 días hábiles á data e cun prazo dun día hábil para proceder a notificar a resolución expresa por circunstancias motivadas.

As autorizacións que se concedan en virtude do disposto neste regulamento, non serán transmisibles e poderán ser revocadas unilateralmente polo concello, en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos nas instalacións, impidan a súa utilización para outras actividades de maior interese público ou, no seu caso, menoscabem o uso xeral.

10.2 Duración:

En canto a duración da citada autorización, establécese o seguinte:

- a) Adestramentos: A duración da autorización do calendario de adestramentos, será pola tempada deportiva.
- b) Competicións: A duración da autorización de cada competición oficial será polo tempo que dure a respectiva competición, xa sexa de carácter diario, semanal...etc

A duración da reserva nunca poderá ser máis ampla que unha tempada deportiva.

10.3 Prioridades: Para a concesión de este tipo de uso, establecerase a seguinte orde de prioridades:

a) A asociación, club ou entidade estea dado de alta no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

- a) Que estean a participar en competicións federadas.
- b) Que estean a participar en competicións non federadas.
 - i. Entre solicitudes de distintas modalidades, analizarase a situación, nivel de categoría e esixencia da modalidade deportiva que se practique.
- b) Que se teña concedida a instalación solicitada para os adestramentos.
- c) Que a entidade tivese concedida a instalación solicitada en anos anteriores.
- d) Sempre os clubs locais terán preferencia sobre os clubs non locais.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

No suposto de que, por aplicación da orde de prioridades citada nos apartados anteriores deste artigo, resultase unha igualdade entre dous ou máis solicitudes dunha instalación deportiva para as mesmas datas, este empate resolverase a favor da solicitude da entidade con maior antigüidade na inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. Finalmente, no caso de persistir igualdade pola aplicación deste último criterio, realizarase un sorteo que decidirá o empate.

10.4 Consecuencias da falta de asistencia non xustificada: A reiterada falta de asistencia non xustificada por parte do/a titular da autorización de reserva dunha instalación deportiva, permitirá ao Concello deixar sen efecto a mesma, logo do correspondente expediente contradictorio instruído ao efecto. Considérase que a falta de asistencia é reiterada cando se produzan, como mínimo, dúas faltas de uso por motivos non xustificadas ao longo dun mes ou catro ao longo dun ano natural.

Artigo 11.- Usos prohibidos

Queda estritamente prohibido:

- 11.1 Realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros/as usuarios/as.
- 11.2 Realizar actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento de actividades dirixidas, supoñan un dano material para as instalacións ou afecten á hixiene xeral.
- 11.3 Introducir obxectos de cristal, punzantes, substancias inflamables, perigosas ou nocivas nas distintas instalacións.
- 11.4 Comer nos espazos e zonas deportivas, salvo bebidas dos deportistas, como augas e bebidas isotónicas.
- 11.5 Tomar fotografías ou secuencias vídeo gráficas de outros/as usuarios/as sen consentimento expreso.
- 11.6 Utilizar dentro dos recintos, bicicletas, patíns, monopatíns, triciclos e, en xeral, calquera elemento que moleste ou obstaculice aos demais usuarios/as.
- 11.7 Practicar nos espazos deportivos actividades ou modalidades deportivas diferentes ás do uso concedido, salvo autorización expresa do concello.
- 11.8 Ceder ou alugar a terceiros os espazos deportivos reservados.
- 11.9 Manipular os elementos e equipamentos propios das pistas, tanto fixos como móbiles, salvo acordo ou indicación expresa dalgún responsable da instalación.
- 11.10 Introducir animais, excepto os cans guía, segundo a normativa vixente.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

Artigo 12.- Recomendacións para os/as usuarios/as das instalación deportivas

Para o uso xeral das instalacións deportivas fanse as seguintes recomendacións:

12.1 Realizar un recoñecemento médico antes do inicio de calquera actividade deportiva, sobre todo aqueles que permaneceran inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade.

12.2. Non acceder ás instalacións deportivas con obxectos de valor.

12.3 Beber abundante auga, previa e posteriormente, á realización de exercicio.

12.4 Extremar as medidas de seguridade e hixiene.

12.5 Durante os adestramentos ou encontros, os/as responsables dos equipos, grupos ou deportistas, deberán ir provistos dun botiquín básico de primeiros auxilios.

Artigo 13.- Peche das instalacións

13.1 O Concello de Sanxenxo, a través do O.A.Terra de Sanxenxo, reservase a potestade de pechar temporalmente as instalacións para realizar nelas labores de limpeza, obras, programacións propias, competicións, encontros, cursos ou outros eventos. No caso de que fose posible, pola previsibilidade da causa do peche, avisarase coa maior antelación que se poida desta circunstancia ós/ás usuarios/as e público en xeral, mediante a publicación do anuncio do peche temporal no portal web do Concello e, fisicamente, no cartel da instalación deportiva afectada.

13.2 Igualmente, o persoal responsable das instalacións, poderá pechalas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos ás persoas e danos nas instalacións

Artigo 14.- Responsabilidade polo uso das instalacións

14.1 Nin o Concello de Sanxenxo, nin o O.A.Terra, nin o persoal ao servizo das instalacións é responsable dos roubos, furtos e desperfectos do material, roupa e demais afeccións persoais de cada usuario/a.

14.2 O Concello de Sanxenxo, a través do O.A.Terra, non será responsable dos danos, lesións e accidentes que poidan sufrir os/as usuarios/as, salvo que deriven dun mal estado das instalacións.

14.3 O Concello de Sanxenxo, a través do O.A.Terra, non será responsable ante o/a usuario/a no caso de accidentes ou desperfectos derivados do incumprimento por parte de leste, das presentes normas, dun comportamento negligente de outro/a usuario/a ou un mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

14.4 A responsabilidade polos actos cometidos polos/as menores de idade, cando poidan acceder ás instalacións deportivas municipais, corresponderá a estes, de conformidade coas disposicións que regulan este tipo de responsabilidade no Código Civil e no Código Penal.

14.5 Por razón da actividade ou das circunstancias concorrentes, a Presidencia do O.A.Terra de Sanxenxo poderá condicionar a autorización da utilización privativa das instalacións, á adopción de medidas de control e de seguridade, así como o depósito dunha fianza ou a subscripción dunha póliza de seguro de danos e responsabilidade civil ou, sinxelamente, denegala.

Artigo 15.- Publicidade

15.1. A publicidade nas Instalacións Deportivas Municipais, mediante a exposición de calquera elemento permanente ou puntual, móbil ou estático, levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e a específica sobre menores, alcohol, tabaco, apostas e substancias estupefacientes.

15.2. As instalacións deportivas municipais poderán dispoñer de espazos ou zonas destinadas a publicidade, que o Concello de Sanxenxo determinará e asignará libremente.

15.3 A cesión ou uso das instalacións deportivas municipais non implica o aproveitamento publicitario das mesmas.

15.4 A publicidade que figure nas instalacións deportivas municipais aterase ás disposicións vixentes sobre a materia e requirirá, preceptivamente, conformidade municipal.

15.5 Os/as titulares da cesión do uso das instalacións deportivas municipais, para a celebración de eventos deportivos e non deportivos, poderán beneficiarse, por autorización ou concesión municipal, do aproveitamento publicitario das zonas habilitadas ao efecto.

15.6 Non obstante, só poderán negociar a publicidade para o tempo de duración dos seus respectivos actos públicos e nos lugares que previamente se lles asignase, correndo da súa conta todas as operacións e custos que se deriven do aproveitamento.

15.7 Nas instalacións deportivas municipais, como criterio xeral, a publicidade xestionada polas persoas ou entidades usuarias figurará principalmente sobre o chan, fóra do terreo de xogo, ben horizontalmente ou sobre soportes verticais móbiles e coas características que determinen os servizos municipais correspondentes.

15.8 Non se permitirá publicidade sobre o terreo de xogo, coa excepción da publicidade que promova o Concello de Sanxenxo e, ocasionalmente, da concretada para eventos especiais.

15.9 Os/as usuarios/as das instalacións deportivas municipais non poderán colocar publicidade nos lugares interiores, nin nos lugares de tránsito das mesmas, salvo excepcionalmente, con autorización expresa.

15.10 A autorización quedará condicionada, no seu caso, ao pago dos tributos establecidos pola utilización de espazos publicitarios nas instalacións deportivas municipais.



*CAPITULO II. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS USUARIO/AS/AS.***Artigo 16.- Dereitos dos/as usuarios/as das instalación deportivas municipais**

Os/as usuarios/as das instalacións deportivas municipais terán dereito:

16.1 A que se respecte a súa integridade e a súa dignidade persoal.

16.2 A utilizar as instalacións deportivas autorizadas no horario concertado, coas máximas garantías de hixiene e seguridade.

16.3 A utilizar o botiquín de primeiros auxilios da instalación.

16.4 Ser tratados con educación e amabilidade por todo o persoal que presta servizos.

16.5 Facer usos dos servizos e espazos complementarios como vestiarios, aseos, etc.

16.6 Atopar as instalacións, o mobiliario e o material deportivo en perfectas condicións de uso.

16.7 Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que se estimen convenientes por escrito, incluídas as referentes á mellora da xestión das instalacións, a través de instancia xeral no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo.

16.8 No caso de que o persoal municipal detectase ou se lle entregase algún obxecto perdido, trasladarase á Policía Local para a súa custodia por se se exerce o dereito a reclamálo, todo isto conforme á normativa vixente.

Artigo 17.- Obrigas dos/das usuarios/as

Son obrigas dos/das usuarios/as:

17.1 Gardar o debido respecto ós/ás demais usuarios/as, persoal e público, mantendo a compostura necesaria para a debida convivencia e efectuar a práctica deportiva coa vestimenta e o calzado axeitado.

17.2 Cumprir coa normativa específica de cada instalación.

17.3 Facer uso das papeleiras habilitadas, colaborando no posible no coidado das instalacións, observando as normas de limpeza e hixiene establecidas.

17.4 Facer uso de calquera das instalacións coa axeitada indumentaria acorde ás diferentes modalidades deportivas.

17.5 Respetar os horarios de funcionamento das instalacións e cantas normas e instrucións dite a Presidencia do O.A.Terra do Concello de Sanxenxo, por se ou a través do persoal da instalación.

17.6 Aboar os prezos públicos das instalacións e servizos de conformidade coa oportuna ordenanza municipal correspondente.



17.7 Aceptar o peche temporal ou, no seu defecto, a modificación do horario de funcionamento de calquera instalación ou dependencia, por limpeza, reparación e desenvolvemento dalgunha actividade extraordinaria, así como en período estival, nadal, semana santa e demais períodos festivos.

17.8 Reparar os danos persoais ou materiais que puidesen producirse polo propio/a usuario/a ou causar a outras persoas dentro da instalación. Calquera usuario/a que ocasione danos materiais nas instalacións será directamente responsable, por tanto farase cargo dos gastos que orixine o dano ocasionado.

17.9 Deixar as instalacións en idéntico estado no que se encontraban antes do seu uso e, no caso de detectar algún dano no mobiliario ou algunha circunstancia anómala nas instalacións, deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do encargado da instalación, co obxecto de que este poda avaliar a situación e actuar en consideración.

17.10 Conservar en todo momento o debido respecto ás instalacións, ao persoal e ós/ás restantes usuarios/as. O incumprimento desta norma poderá dar lugar á expulsión do/a infractor/a do recinto deportivo.

Artigo 18.- Perdida da condición de usuario/a

O incumprimento do establecido no presente Regulamento e, en particular das obrigas impostas ós/ás usuarios/as leva consigo a perda de dita condición, coa conseguinte obrigación de abandonar ou prohibición de acceder ás instalacións deportivas municipais.

TÍTULO SEGUNDO

REGULACIÓN ESPECÍFICA DE CADA INSTALACIÓN

CAPÍTULO I: RÉXIME DE USO DE PISTAS DEPORTIVAS EXTERIORES

Artigo 19.- Normas especiais de uso

19.1 Poderán ser utilizadas de balde, sen necesidade de reserva.

19.2 Deberán usarse sempre coa indumentaria deportiva axeitada a cada práctica deportiva que se este a realizar.

19.3 Con carácter xeral, o número máximo de xogadores/as por espazo deportivo, verá marcado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.

Artigo 20.- Forma de reservar as instalacións

A reserva das instalacións deportivas municipais por parte dos clubs e entidades deportivas, seguirá o procedemento establecido no artigo 10 deste regulamento.



*CAPÍTULO II. RÉXIME DE USO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS
E CAMPOS DE FUTBOL MUNICIPAIS*

Artigo 21.- Normas especiais de uso da zona deportiva

- 21.1 Deberá utilizarse calzado específico, limpo, distinto do calzado da rúa.
- 21.2 Non se permite mastigar goma de mascar nas zonas deportivas.
- 21.3 Non se poderán facer xestos antihiixénicos sobre as superficies, como chuspir ou soarse.
- 21.4 Non se poderá introducir no terreo de xogo ningún tipo de comida ou bebida, salvo botellas de auga ou bebidas isotónicas.
- 21.5 É imprescindible o uso de roupa deportiva.
- 21.6 No caso do uso por parte dun club ou entidade, o/a monitor/a, adestrador/a, mestre/a, será responsable de que os/as xogadores/as ou alumnos/as, cumpran os requisitos anteriormente citados.
- 21.7 Non se poderá exceder nos horarios concedidos para o uso da instalación en ningún caso. Respectáranse en todos os casos os horarios dos demais usuarios/as.
- 21.8 Ao terreo de xogo só poderán acceder os deportistas e persoal técnico acreditado polos clubs ou entidades.
- 21.9 Queda prohibido a entrada de menores, sempre que non estean acompañados/as dun monitor/a.
- 21.10 Mentres se realiza actividade deportiva, non se poderá acceder a zona deportiva, excepto coa expresa autorización de aqueles que están a realizar a actividade.
- 21.11 Con balóns e outros materiais deportivos xogarase exclusivamente nos espazos habilitados, non podendo facerse nos vestiarios, corredores, etc.

Artigo 22.- Normas de uso dos vestiarios

- 22.1 Deportistas e técnicos/as, seguirán, en todo momento, as indicacións dos/das empregados/as, usando os vestiarios que lles sexan asignados
- 22.2 Nas competicións e demais encontros, o/a delegado/a, monitor/a e o/a adestrador/a do equipo local, será o responsable da recollida e achega das chaves do seu equipo, do contrario e do equipo arbitral.
- 22.3 Cando os equipos, grupos ou usuarios/as individuais se lles facilite un vestiario ou taquillas con chave, esta requirirá previo depósito do DNI da persoa que se faga responsable da mesmas.
- 22.4 A perda da chave ou o seu extravío, conlevará o cambio de pechadura, que deberá ser custeada polo responsable da mesma.



Artigo 23.- Normas de competición

23.1 A instalación abrirase una hora antes do comezo do encontro.

23.2 Nos encontros de competición oficial, o tempo de quecemento e de partido será de dúas horas.

23.3 Durante ás competicións oficiais só poderán permanecer na zona deportiva, os/as xogadores/as, técnicos/as, delegados/as e encargados/as do material.

23.4 Durante a celebración dos encontros, as portas de comunicación do terreo de xogo co resto da instalación permanecerán pechadas. O acceso de espectadores efectuarase pola porta exterior da instalación.

Artigo 24.- Normas de uso do material

24.1 Cando calquera usuario/a necesite utilizar un determinado material deportivo, deberá solicitalo ao empregado a súa entrada á instalación, durante os 15 minutos anteriores ao comezo da actividade.

24.2 Unha vez rematada a actividade, os/as usuarios/as deberán recoller e ordenar todo o material utilizado. No caso de equipos ou grupos, o/a responsable do grupo será o/a encargado/a de que este se efectúe.

24.3 No caso de deterioro do material utilizado, comunicarse ao responsable da instalación, tomando este nota da persoa que lle fai achega do material deteriorado e das circunstancias de tal deterioro. O responsable determinará se o deterioro é debido ao uso normal e habitual do material ou ben ao uso incorrecto do mesmo, caso no cal se deberá abonar ou repoñer por parte da persoa ou entidade responsable o importe segundo os prezos de mercado.

Artigo 25.- Normas de reserva da instalación

A reserva das instalacións deportivas municipais por parte dos clubs e entidades deportivas, seguirá o procedemento establecido no artigo 10 deste regulamento.

Artigo 26.- Normas de saída da instalación

26.1 Todos os usos das instalacións rematarán as seguintes horas (salvo eventos especiais organizados polo concello):

- Luns a venres: Ás 23:30 horas.
- Sábados: Ás 21:30 horas.
- Domingos: Ás 14:00 horas.

26.2 Unha vez rematada a actividade, todos/as os/as usuarios/as deberán abandonar a instalación nun tempo razoable, non superior a 30 minutos.



Artigo 27.- Normas de uso nos encontros oficiais ou amigables durante a fin de semana.

27.1 A hora de entrada os vestiarios ou, no seu caso, a instalación será dunha hora antes do comezo do encontro.

27.2 Os domingos e festivos non existe a posibilidade de disputar encontros pola tarde, salvo eventos especiais organizados ou autorizados con carácter excepcional polo concello.

Artigo 28.- Normas de uso das bancadas.

28.1 As bancadas son as zonas reservada aos espectadores.

28.2 Nelas non está permitido fumar, comer froitos secos con casca ou outros alimentos que orixinen desperdicios, correr ou xogar, así como saltar polas bancadas e accións que poidan molestar a outros/as usuarios/as, arroxar obxectos dende a bancada ás zonas de xogo ou viceversa, entrar ou tomar apousento neles con obxectos ríxidos que poidan deteriorar a instalación ou causar dano a outras persoas ou aveños.

Artigo 29.- Normas de uso do Ximnasio.

29.1 Poderán ser usados por aqueles clubs ou entidades que o desexen é previamente fixesen solicitude por escrito, expresa, para estes espazos.

29.2 Os/as usuarios/as deberán estar en todo momento acompañados por un monitor/a do club ou entidade que se fará responsable dos/as deportistas e da instalación.

29.3 Non se permite o uso individual destas instalacións.

Artigo 30.- Obrigas dos/as usuario/as.

30.1 Os/as monitores/as, adestradores/as e persoal técnico/a deberán coñecer, informar e facer cumprir as normas xerais e particulares de uso dos distintos espazos deportivos ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

30.2 A instalación só poderá ser utilizada durante o tempo e o espazo autorizado e deberá ser destinado para o uso exclusivo para o cal foi autorizado.

Artigo 31.- Outras consideracións.

31.1 Os/as empregados/as das instalacións terán a facultade de suspender o inicio de encontros ou actividades dirixidas, cando se produzan incidencias que así o requiran.

31.2 Os accesos as distintas estancias deportistas existentes quedan totalmente prohibidas sen a correspondente autorización.

31.3 Non se poderá consumir nin vender calquera tipo de bebida alcohólica en todo o recinto.



*CAPÍTULO III: RÉXIME DE USO DO SKATE PARK SANXENXO***Artigo 32.- Normas especiais de uso e reserva.**

32.1 Pode ser utilizado de balde sen necesidade de reserva. Non obstante, no caso de que por algún club ou entidade se pretendese a utilización para adestramentos ou competicións, lle será de aplicación o disposto no artigo 10 deste regulamento.

32.2 Deberá usarse sempre coa indumentaria deportiva axeitada a cada práctica deportiva que se este a realizar, non se permitirá a práctica deportiva sen camiseta.

32.3 Deberán usarse sempre os elementos de rodaxe axeitados para a práctica deportiva.

32.4 Será obrigatorio o uso de casco en todos os espazos do Skate Park.

32.5 Recoméndase o uso de proteccións nos xeonllos, cóbado e bonecas.

32.6 As persoas que non estean a facer uso deportivo da instalación, deberán permanecer fóra das zonas de prácticas.

32.7 Queda totalmente prohibido a utilización de ceras ou outros elementos deslízantes directamente sobre calquera elemento da instalación.

32.8 Queda prohibido o uso de estríbelas ou calquera material que poida provocar danos sobre a instalación.

32.9 Por ser unha instalación ao aire libre, de acceso libre, enténdese que a instalación e os seus diferentes espazos poden ser utilizados ao mesmo tempo por grupos de persoas distintos, practicando modalidades distintas. Se deberá respectar a todos/as os/as usuarios/as da instalación en calquera dos casos.

32.10 No casos de choiva ou condicións climatolóxicas adversas, non se recomenda facer uso da instalación, para evitar riscos innecesarios.

32.11 Ao tratarse dunha instalación deportiva, aplicarase toda a normativa de usos prohibidos recollidos no presente regulamento.

32.12 Soamente poderase facer uso da instalación nos horarios marcados polo Concello de Sanxenxo.

32.13 O número máximo de persoas no espazo deportivo virá marcado polo Concello de Sanxenxo.

32.14 Non se poderán facer xestos antihixiénicos sobre as superficies, como chuspír ou soarse.



*CAPÍTULO IV: RÉXIME DE USO DA SEDE DE PIRAGUISMO***Artigo 33.- Normas Especiais de Uso.**

33.1 No caso do uso por parte de club ou entidades, o/a monitor/a adestrador/a mestre/a, será responsable de que os/as deportistas ou alumnos/as cumpran os requisitos anteriormente citados.

33.2 Non se poderá exceder nos horarios concedidos para o uso da instalación en ningún caso.

33.3 Queda prohibido a entrada de menores, sempre que non estean acompañados dun monitor/a.

33.4 Non se poderán facer xestos antihixiénicos sobre as superficies, como chuspir ou soarse.

Artigo 34.- Normas de Uso do Ximnasio.

34.1 Os/as usuarios/as deberán estar en todo momento acompañados por un monitor/a do club ou entidade, que se fará responsable dos deportistas e da instalación.

Artigo 35.- Obrigas dos Usuarios/as

35.1 Os/as monitores/as, adestradores/as e persoal técnico deberán coñecer, informar e facer cumprir as normas xerais e particulares de uso dos distintos espazos deportivos, ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

35.2 A instalación só poderá ser utilizada durante o tempo e o espazo autorizado e deberá ser destinado para o uso exclusivo para o cal foi autorizado.

Artigo 36.- Normas de reserva da instalación.

A reserva das instalacións deportivas municipais por parte dos clubs e entidades deportivas, seguirá o procedemento establecido no artigo 10 deste regulamento.

*TÍTULO TERCEIRO RÉXIME SANCIONADOR***Artigo 37.- Réxime Xeral de Infraccións e Sancións.**

37.1 Os/as responsables das instalacións, servizos e actividades terán a facultade de apereibir e, mesmo de expulsar das instalacións de forma cautelar, ata a resolución do informe de incidencia, a aquelas persoas que non observen a conduta debida.

37.2 As infraccións das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas neste Regulamento, serán obxecto do procedemento de natureza sancionadora establecido no artigo seguinte.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

Artigo 38.- Procedemento Sancionador

O procedemento de natureza sancionadora aplicarase segundo o establecido nos artigos 63, 64 e 85 da Lei 39/2015 de Procedemento administrativo Común das Administracións públicas.

Artigo 39.- Infraccións.**39.1 Terán consideración de INFRACCIÓN LEVE:**

- a) O incumprimento dalgunhas das obrigas establecidas neste Regulamento por parte dos/as usuarios/as, cando a súa consecuencia non dá lugar á cualificación de infracción grave ou moi grave.
- b) O trato incorrecto a calquera usuario/a, persoal técnico ou demais persoal que realice funcións na instalación.
- c) Causar danos por comportamento negligente ou imprudente na instalación, no material ou no equipamento das mesmas, por un importe inferior aos 100 euros.
- d) Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades e servizos ditadas no ámbito das súas funcións.

39.2 Terán consideración de INFRACCIÓN GRAVE:

- a) Alterar a convivencia nos distintos espazos ou actividades da instalación.
- b) Alterar o funcionamento da instalación.
- c) Incumplir reiteradamente algunhas das obrigas dos/as usuarios/as.
- d) Maltratar de palabra ou obra a outros/as usuarios/as ou ao persoal da instalación.
- e) Causar graves danos de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento da mesma.
- f) Causar danos por comportamento negligente ou imprudente á instalación, material ou equipamento da mesma, por un importe comprendido entre 100 e 300 euros, inclusive.
- g) Orixinar, por imprudencia o negligencia, accidentes graves a se mesmo ou a outras persoas.
- h) Falsear intencionadamente os datos relativos a identidade, idade ou calquera dato relevante e a suplantación de identidade.
- i) A acumulación de dúas ou mais faltas leves nun período de 3 anos.
- j) Manipular ou falsificar documentos identificativos, entradas ou bonos.
- k) Non comunicar os desperfectos causados por un mesmo.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

39.3 Terán a consideración de INFRACCION MOI GRAVE

- a) Impedir o uso da instalación ou servizo prestado no mesmo a outra/s persoa/s con dereito ao uso.
- b) Impedir ou obstruír o normal funcionamento da instalación.
- c) Causar deterioracións ou danos na instalación ou en calquera dos seus equipamentos, infraestruturas ou elementos, por un importe superior a 300 euros.
- d) Agredir fisicamente a persoas que están a facer uso da instalación, así como o persoal que traballa nas mesmas.
- e) Acumular dúas ou mais faltas graves.

Artigo 40.- Sancións.

40.1 Os incumprimentos leves serán castigados con apercibimento por escrito ou a perda temporal da condición de usuario/a por un período comprendido entre 1 a 30 días, en función da gravidade do incumprimento.

40.2 Os incumprimentos graves serán castigados cunha multa de ata 500 euros ou coa perda da condición de usuario/a por un período comprendido entre 31 días e 1 ano, en función da gravidade do incumprimento.

40.3 As infraccións moi graves serán sancionadas cunha multa de entre 500,01 e 3000 euros ou a privación definitiva do uso de todas as instalacións deportivas municipais, por un período comprendido entre 1 ano e un día e 5 anos, en función da gravidade do incumprimento.

40.4 Para a gradación da sanción a aplicar, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración de infraccións ou incidencias.
- A existencia de intencionalidade por parte do infractor.
- A transcendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

40.5 A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor/a da reposición da situación alterada por el/ela mesmo, ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

40.6 Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el, para o seu pago no prazo que se estableza.

40.7 Serán responsables directos das infraccións os seus autores materiais, excepto nos supostos en que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de non imputación, caso no que responderán civilmente por eles aqueles que teñan a súa custodia legal.

40.8 Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.



Luns, 11 de outubro de 2021

Núm. 196

40.9 Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recae o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros puidesen cometer.

40.10 No caso de infraccións cometidas por menores, a persoa responsable do centro intentará contactar coa súa familia ou, no seu caso, con seus titores legais, a fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos familiares propios. Así mesmo poderanse poñer os feitos en coñecemento da fiscalía de menores.

40.11 No caso de menores de idade poderase substituír a sanción que puidese impoñerse pola realización de traballos ou labores para a comunidade, de natureza e alcance adecuados e proporcionados á gravidade da infracción.

DISPOSICIÓNS FINAIS E ENTRADA EN VIGOR

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.- A promulgación futura de normas con rango superior ao do presente Regulamento, que afecten a materias reguladas no mesmo, determinará a aplicación automática daquelas, con independencia da posterior adaptación do regulamento, no que fose necesario.

SEGUNDA.- A aplicación e interpretación do presente Regulamento corresponde o Concello de Sanxenxo e o O. A. Terra de Sanxenxo, dentro do exercicio das súas competencias, sen prexuízo das facultades revisoras da xurisdición contencioso administrativa.

ENTRADA EN VIGOR

De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Sanxenxo,

A alcaldesa acctal. — María Deza Martínez.

(sinatura dixital).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: TC3BLK5L993YDGRA

